

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 22 de novembro de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 22/11/2022
- II. Asistentes á CGIC do 22/11/2022
- III. Rexistro *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE correspondente ao curso 2021/2022.*

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de outubro de 2022.**

Envíouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ Comunicacions da Área de Calidade

- ✓ 24 outubro: achegan informes das **enquisas de satisfacción** de alumnado e persoas egresadas correspondentes ao curso 2021-22.
- ✓ 25 outubro: resposta á consulta efectuada sobre as EAD 2022-23. Serán *online* como o curso pasado. O 14 de novembro achegaron ao profesorado e-mail co formulario para comunicar a aceptación ou non de participar no proceso. O período de enquisas establecerase no período lectivo, para que o profesorado poida fomentar a participación do alumnado.



- ✓ 3 novembro: publicación dos Resultados Provisionais das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2021-2022 e dos resultados agregados por titulacións.
- ✓ 3 novembro: publicación dos resultados definitivos da valoración anual do programa Docencia do curso 2019-2020.
- **Reunión coa Área de Calidade**
 - ✓ 28 outubro: presentación da **axenda** básica de **calidade do curso 2022-23** e das novidades máis relevantes dos programas de calidade asociados.
 - Seguimento interno: corresponde a 4 centros e outros 2 o solicitaron; aínda poderían aceptar algunha solicitude máis.
 - Procedemento DE01:
 - R1-DE01 Programa desenvolvemento estratéxico dos centros
 - ◆ 31/12/22 prazo constitución comisión de traballo
 - ◆ 31/07/23 prazo deseño e aprobación do programa.
 - O Manual de Calidade institucional aprobarase en Consello de Goberno a finais de novembro.
 - Procedementos a actualizar no curso 22/23:
 - DO0101-DO0103 relativos ás titulacións
 - DE02 Seguimento e medición
 - PE02 Xestión do PDI.
 - Outra información e recomendacións:
 - Axenda de calidade é similar á anterior. A plataforma do SGIC 22/23 atópase en preparación; a do SGIC 21/22 pecharase o 31 de decembro.
 - Subir á plataforma do SGIC as Accións de Mellora e o seu seguimento.
 - Manter actualizada a web do centro e sen duplicacións.
 - Renovación da web da Área de Calidade.
- **Selo EUR-ACE convocatoria 2022 - MUEM:**
 - ✓ 17 novembro: visita virtual da comisión. Mantiveron entrevistas co equipo directivo, profesorado, alumnado, persoas egresadas, persoas empregadoras, equipo responsable e comité de autoavaliación.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
 - ✓ 4 novembro: publicación no Portal de Transparencia de indicadores que recollen a formación práctica do estudiantado de titulacións oficiais, tanto a correspondente a prácticas curriculares como extracurriculares.

➤ **PAT 22/23:**

- ✓ 15 novembro: Ángeles Domínguez, coordinadora xeral do PAT-ANEAE, achegou un e-mail ao profesorado titor lembrando a planificación das enquisas cuatrimestrais e suxerindo que usen os espazos INFO en Moovi aínda que realicen as enquisas de xeito presencial, para facilitar a xestión dos resultados.

➤ **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**

- Iniciouse o proceso de actualización e revisión da información pero aínda está sen rematar.

➤ **Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:**

✓ Pendentes:

- **R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos** (31/03/22), pendente da publicación dos resultados definitivos do programa DOCENTIA quinquenal 14/15 – 18/19).
- **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia** (30/06/22), o equipo de dirección está levando a cabo unha revisión do procedemento.
- **R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación** (15/11), non procede a avaliación externa da titulación neste curso.
- **R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna** (15/11), non procede; segundo o criterio da Área de Calidade da Universidade de Vigo este curso non lle corresponde o seguimento interno as titulacións do centro.
- **R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro** (30/11); na próxima sesión da comisión de calidade se tratará a constitución dunha comisión de traballo para a súa elaboración.

3. Aprobación, se procede, de declaracións de interese de modificación de títulos xa implantados ou de novas propostas de títulos para o curso 2024-2025.

A Presidenta sinala que no Consello de Goberno do 31 de outubro aprobouse o calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2024-2025. O procedemento iníciase coa presentación da declaración de interese de novas propostas de títulos ou modificación dos xa implantados. Este curso o prazo de presentación de solicitudes adiantouse uns meses de xeito que o prazo para remitir a declaración de interese remata o 25 de novembro.

No marco da reforma integral das titulacións do centro estaba prevista para este curso a modificación do MUEM, de xeito que a titulación modificada poida pñerse en marcha no curso 2024-2025, cando se incorporaría a primeira promoción dos novos títulos de grao que dan acceso directo ao máster.

A Comisión aproba por asentimento a presentación da declaración de interese.

4. **Aprobación, se procede, do rexistro *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE* correspondente ao curso 2021-2022.**

A Presidenta sinala que nos informes de coordinación, difusión e PAT deste curso se fixo unha redistribución da información recollida porque había cuestións e actividades que estaban mesturadas, duplicadas ou mal asignadas. A continuación amosa e comenta o informe (ANEXO III) resaltando os puntos principais: novos espazos INFO en Moovi, actos de benvida, actividades formativas e informativas, reunións co alumnado, enquisas de dificultade de materias, MEET, ANEAE e finalizando coas conclusións.

Sinala que o informe foi elaborado por Ángeles Domínguez, coordinadora xeral do PAT-ANEAE do centro, coa colaboración e supervisión do Coordinador de Calidade e da Directora. Agradece a Ángeles o traballo realizado e o estende a todas as persoas titoras do PAT e ao estudantado mentor do MEET-emE.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro.

5. **Rogos e Preguntas.**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e dous de novembro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 22/11/2022

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 22 de novembro de 2022, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de outubro de 2022.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, de declaracións de interese de modificación de títulos xa implantados ou de novas propostas de títulos para o curso 2024-2025.
4. Aprobación, se procede, do rexistro *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE* correspondente ao curso 2021-2022.
5. Rogos e Preguntas.

Vigo, 15 de novembro de 2022

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DL6QsL (e-le-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 22/11/2022



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 22 de novembro de 2022	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Diego López González	Representante da Sociedade



ANEXO III

*Rexistro R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT-ANEAE
correspondente ao curso 2021/2022*